

RUBÉN RIÓS SABELA ARÁN

# VILAMOR

Unha película de **IGNACIO VILAR**

XOEL YÁÑEZ PAULO SERANTES SANTI ROMAY DÉBORAH VUKUSIC CARLOS VILLA MARTA LADO MARCOS PEREIRO TAMARA CAROSA SHEILA FARIÑA UXÍA MORÁN  
RUBÉN PRIETO MARÍA BOJA MANUEL LOURENZO MAYKA BRAÑA CÉSAR CAMBEIRO MANUEL CORTÉS MELIA CASAL LUÍS IJESIA BELÉN GONZALEA  
Director IGNACIO VILAR. Productores MARINA FARIÑAS, IGNACIO VILAR. Guiónistas CARLOS ASOREY, IGNACIO VILAR. Productor Ejecutivo DANIEL FROIZ  
Asistentes de Dirección SANDRA MONTEI, OZZO PEREZO. Xefe de Producción ALBERTO TOMÉ. Son XAVIER SOUTO, DIEGO S. STAUER  
Director de Fotografía ALBERTO DÍAZ «BERTITXI». Directora de Arte CURRU GARABAL. Maquillaxe e Peruquería CHICHA BLANCO, FRANCISCO MARTÍNEZ  
Vestuario MARIA FANDRÓ, MAR FRAGA. Asesor de Actores ERMEL, MORALES. Montador GUILLEMO REPRESA. Compositora ZELTIA MONTEI

[www.vilamor.eu](http://www.vilamor.eu)



Baseada en feitos reais

Soñabamos cun mundo mellor  
Decidimos facelo realidade

**Dossier para prensa. Marzo 2012.**

## Que pasaba no mundo en 1977?

Mentres a nave *Enterprise* comeza a súa andadura espacial, as Nais da Praza de Maio marchan por primeira vez en Bos Aires e *Star Wars* enche os cines de todo o mundo, nun marabilloso e recóndito lugar do leste de Galicia –recén terminada a ditadura de Franco– o tempo detense; e comeza un soño.

Breixo, un mozo altruísta cheo de boas intencións, atópase cos habitantes dunha comuna aparecida nas inmediacións da súa aldea, ao outro lado do río. A pesar da súa cercanía ás forzas vivas da vila, Breixo déixase seducir polo ideal dun estilo de vida alternativo, e axúdalles aos mozos e mozas comuneiras a recuperar a aldea perdida de Vilamor. Sen propiedade privada, traballando a terra e en total comunión coa natureza, o soño comeza a facerse realidade (malia os constantes ataques das autoridades locais). O horizonte dun mundo novo débúxase nas montañas perdidas de Galicia.

Pero todo se complica cando Breixo namora perdidamente de Sonia, unha das habitantes da comuna. O amor libre non está feito para el. Nin as drogas, nin o ateísmo absoluto... Con gran tristura, abandona Vilamor. Non todo o mundo está destinado a vivir este soño.

Trinta e tres anos despois, convertido nun escritor de éxito e cos ideais enferruxados nalgún recanto da memoria, Breixo regresa ao lugar onde viviu os mellores anos da súa vida.





## Baseada nunha historia real

A historia de *Vilamor* está **inspirada na comuna real que se instalou nos anos 70 nas montañas de Lugo**, e que aínda continúa activa. A rodaxe realizouse en febreiro e no verán de 2011 nos mesmos lugares onde se instalou a comuna orixinal (Negueira de Muñiz) e noutros concellos da zona como A Fonsagrada e Cervantes (Lugo), Grandas de Salime e Santa Eulalia de Oscos (Asturias). A **versión orixinal está en galego**, usando a maioría dos personaxes unha variante dialectal da nosa lingua pouco coñecida e propia desta zona.

Trátase dunha **historia local pero tamén global e presente**: as comunas instaláronse nos anos 60 e 70 en zonas rurais de todo o mundo e moitas aínda se manteñen a día de hoxe. Herdeiros de aquelas comunas son movementos sociais urbanos máis recentes, mesmo actuais, como a **okupación** ou as acampadas do **15-M**, organizadas con sistemas assemblearistas, como a nosa Vilamor.

*Vilamor*, a película, conta unha historia de valores, de como os **principios** libertarios da comuna poden chocar coa **moral** máis tradicional dos veciños, cos que no fondo pode chegar a ter máis en común do que se pensa. Pero tampouco oculta as dificultades e **conflictos** internos que calquera **comunidade** pode ter, sobre todo cando se trata de empezar a construír un mundo propio dende cero. É a historia tamén do **abandono do rural**, en contraste cunha atracción que cada vez máis xente sente por volver á aldea de maneira **sustentable**. É un canto ao paisaxe e á **natureza salvaxe**. Pero ante todo é **unha historia de amor entre mozos que buscan un futuro mellor**.

## Un novo concepto de distribución e promoción

Trátase da cuarta longametraxe de **Ignacio Vilar**, director e produtor que obtivo un éxito de taquilla sen precedentes en Galicia en 2008 con *Pradolongo*. Esta era unha historia tamén protagonizada por mozos e cunha historia cercana que enganhou a máis de 60.000 espectadores de todas as idades, grazas a unha **particular estratexia de distribución e de promoción** vila a vila, cidade a cidade, que tivo estupendos resultados. Nesta ocasión a estratexia será de novo **ir buscar o público e metelo nos cines**, pero moito máis reforzada e aumentada: **o director e os tres actores protagonistas percorrerán Galicia durante dous meses** visitando máis de **250 centros de ensino** e outras tantas asociacións e colectivos, a bordo da *Caravana Vilamor*. Tamén organizarán **festas en cada unha das sete cidades**, para as que se venderán entradas que incluírán invitacións para ir ao cine. E por suposto tamén se irá buscar o público máis novo a través de internet, cunha importante **campaña na web e nas redes sociais**.



A data da estrea é o **30 de marzo**, e a primeira localidade onde se proxectará será en **Lugo**. A fita, canda a Caravana Vilamor, xirará despois por cines de 15 localidades, incluíndo Monforte, Ribadeo, O Barco e A Rúa de Valdeorras, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Lalín, A Coruña, Narón, Ferrol, Cee, Carballo, Este primeiro periplo culminará en **Ourense o 17 de maio**, Día das Letras Galegas. Despois comeza a segunda xira, con máis **de 150 proxeccións de verán ao aire libre** por todo o país entre xuño e setembro.

Ademais, a **experiencia Vilamor** irá máis alá da longametraxe e dos eventos presenciais, festas, etc. Crearase na rede todo un **universo narrativo que complementa e enriquece os contidos da película**. Trátase de *Explora Vilamor*, una plataforma dixital **transmedia** consistente nun **webdocumental**, unha **aplicación xeoturística** para web e móbiles e un repositorio de **contidos educativos** para usar dentro e fóra da aula.

## Xeración Vilamor

Un dos valores que achega *Vilamor* é o de reunir e presentar unha **nova xeración de actrices e de actores galegos novos**, que son os que lles dan vida aos integrantes da comuna. A parella protagonista fórmana **Rubén Riós**, que xa protagonizara *Pradolongo* e que nesta ocasión encarna o seminarista Breixo, e a debutante **Sabela Arán**, toda unha promesa que sorprenderá polo seu talento interpretando a Sonia, a comuneira que acabará namorando a Breixo e ensinándolle moitas cousas sobre a vida. A eles se unirá a amizade de Hermes, outro dos membros da comuna, un mozo de boa familia especialista en herbas medicinais e amigo das experiencias ultrasensoriais.



En total a comuna está formada por 7 actores e 7 actrices de procedencia e formación moi diversa. Algúns veñen **da canteira da Televisión de Galicia**, como **Marcos Pereiro** (*Luar, Air Galicia, Terra de Miranda*), **Rubén Riós** (*Libro de familia, Matalobos*), **Tamara Canosa** e **Santi Romay** (*Matalobos, Mareas vivas*), **Paulo Serantes** e **Xoel Yáñez** (*Matalobos*) ou **Sheyla Fariña** (*Valderrei*). Case todos debutaron diante da cámara en **curtametraxes de novos realizadores**, como é o caso de **Carlos Villaverde** e **Rubén Prieto**. Algunhas veñen do teatro e da **performance**, como **María Roja** e **Uxía González**, dos **monólogos e contacontos**, como **Marta Lado**, ou mesmo da **literatura**, como a actriz e poeta croata-galega **Deborah Vukusic**. Completan o elenco recoñecidos actores das nosas pantallas como **Luís Iglesia**, **Belén Constenla**, **Mela Casal**, **Manuel Lourenzo**, **César Cambeiro**, **Mayka Braña**, **Santi Prego**, **Manuel Cortés**, **Fernando Morán** ou **Ricardo de Barreiro**.

O equipo técnico tamén é cen por cen galego, con grandes profesionais como **Alberto Díaz "Bertitxi"** na espectacular fotografía, **Guillermo Represa** na montaxe, ou **Zeltia Montes**, que compuxo unha música orixinal que será tamén unha das grandes marcas de calidade da película.

Malia a súa xuventude, **Zeltia Montes** é un dos valores miás importantes da composición musical para cine a nivel internacional. Nacida en Madrid pero profundamente vencellada a Galicia, de onde é o seu pai, reside nos Estados Unidos desde 2005. Alí terminou a súa formación en composición mentres escribía partituras para distintas producións galegas como *Pradolongo*, *A tropa de trapo* ou *O camiño do Cid*.

A música *de Pradolongo*, anterior longametraxe de Ignacio Vilar, é unha das máis premiadas dos últimos anos, e por ela Montes obtivo o premio Jerry Goldsmith á mellor BSO de longametraxe e ao mellor compositor novel. No 2011 volveu recibir o premio Jerry Goldsmith á mellor BSO pola música da película *A tropa de trapo no país onde sempre brilla o sol*.



A música da película gravouse entre A Coruña e Ucraína, coa participación de músicos galegos e da Orquestra Sinfónica de Kiev.

**Vilamor está producida por Vía Láctea Filmes e conta co apoio da Xunta de Galicia, da TVG, da Deputación de Lugo e do ICAA.**

## **FICHA TÉCNICA**

Dirixida por **Ignacio Vilar**

Duración: 120 min.

Formato de rodaxe: 35 mm.

Xénero: Drama

Empresa Productora: Vía Láctea Filmes, S.L.

Guionistas: Carlos Asorey e Ignacio Vilar

Produtor Executivo: Daniel Froiz

Música: Zeltia Montes

Director de Fotografía: Alberto Díaz “Bertitxi”

Directora de Arte: Curru Garabal

Montador: Guillermo Represa

Data de estrea: 30 de marzo

Intérpretes: Rubén Riós, Sabela Arán, Xoel Yáñez, Luís Iglesia,  
Belén Constenla

Máis información en [www.vilamor.eu](http://www.vilamor.eu)

Díptico e fotografías en alta calidade: <http://vilamor.eu/gl/descargas/>

Aparicións en prensa: <http://vilamor.eu/gl/falan/>

Comunicación: **María Yáñez 661506947** [filme@vilamor.eu](mailto:filme@vilamor.eu)